



CONCELLO DE VIGO

ALCALDÍA

Expediente 55/142

EDICTO

O Pleno desta Corporación Municipal, en sesión extraordinaria do día 15 de novembro do 2018, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo que deberá rexer durante o exercicio económico de 2019 e no cal se integran os seguintes:

- Orzamento do Concello de Vigo
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal Urbanismo

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estará a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención – Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a devandita aprobación inicial, poderán os interesados interpor reclamacións ante o Excmo. Concello Pleno, durante o transcurso da referida exposición, de acordo cos supostos taxados no artigo 170 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RD 2/2004. No suposto de non presentarse reclamacións durante dito prazo, considerarase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello de Vigo que rexerán para o ano 2019.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica
O ALCALDE-PRESIDENTE

Abel R. Caballero Alvarez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/11/2018 10:58

Páxina 1 de 1

Expediente 55/142

CSV: 26E45C-53454F-D45F33-3UWY41-8XAFRX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>